



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 7 DE  
FEBREIRO DE 2013**

**LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

**TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

**GRUPO P.P.**

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

**GRUPO PSdeG-PSOE**

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA  
Concelleiro  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA  
Concelleiro  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e seis minutos do día sete de febreiro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 13 DE DECEMBRO DE 2012.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 18 DE DECEMBRO DE 2012.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE XANEIRO DE 2013.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 15 DE OUTUBRO DE 2012 SOBRE RECOÑECEMENTO DE PRESTACIÓN ECONÓMICA NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL

## **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE DECEMBRO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

*Sr. Alcalde.-Benvidos á sesión ordinaria do Pleno correspondente ó mes de febreiro.*

## **A) PARTE RESOLUTORIA**

**1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 13 DE DECEMBRO DE 2012.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 13 de decembro de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

*Sr. Alcalde.-A parte Resolutoria do orde do día a primeira parte que é a parte Resolutoria o primeiro punto aprobación da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 13 de decembro. Algunha intervención?, apróbase por unanimidade.*

**2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 18 DE DECEMBRO DE 2012.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 18 de decembro de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

*Sr. Alcalde.- Segundo punto: aprobación, se procede da acta correspondente á sesión Plenaria celebrada o 18 de decembro de 2012. Algunha intervención?, pois apróbase por unanimidade.*

**3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE XANEIRO DE 2013.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 3 de xaneiro de 2013. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

*Sr. Alcalde.- Terceiro punto, aprobación, se procede da acta correspondente á sesión Plenaria celebrada o 3 de xaneiro de 2013. Algunha intervención?, pois entón aprobámola por unanimidade.*

**4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 15 DE OUTUBRO DE 2012 SOBRE RECOÑECIMENTO DE PRESTACIÓN ECONÓMICA NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL.**

*Sr. Alcalde.- Punto nº 4º, aprobación, se procede, do ditame da comisión de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, relativo á modificación do acordo plenario de 15*

de outubro de 2012 sobre recoñecemento de prestación económica na situación de incapacidade temporal. Para poñer en cuestión este asunto ten a palabra o Concelleiro Delegado da correspondente Comisión D. Alberto Blanco.

**Sr. Blanco Carracedo, do PP:** Boas noites. Tal e como se recolle na proposta que foi levada a dictame na Comisión de Organización e Persoal, a aplicación práctica do acordo tomado o pasado día 15 de outubro de 2012 relativo ó recoñecemento de prestacións económicas da situación de incapacidade temporal, provocaba unha situación contraditoria co que tería que ser o espírito do redactado, dándose o caso de que unha persoa, que acolléndose a unha baixa laboral, recibise unha remuneración superior a que se estivese traballando. Motivo polo cal se propón unha modificación dos párrafos onde se recolle que as retribucións a ter en conta serían as de periodicidade mensual.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben. Algunha intervención?. Pois se non hai ningunha intervención, bueno pois facemos a votación. Apróbase por unanimidade.

Finalmente adoptouse, por unanimidade, o seguinte Acordo:

Visto o Acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 15 de outubro de 2012 (punto 7º da Orde do Día) relativo ao recoñecemento de prestación económica na situación de incapacidade temporal que dispón:

“(..)

1.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns:

a) Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día, inclusive, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 50% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade **incluídos todos os conceptos**.

b) Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o día 20, inclusive, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 75% das retribucións que se viñera percibido no mes anterior ao de causarse a incapacidade **incluídos todos os conceptos**.

c) A partires do día 21 se aboará un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade **incluídos todos os conceptos**.

2.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais (accidente laboral ou enfermidade profesional) e perante todo o período de duración da mesma, a percepción do 100% das retribucións, **por todos os conceptos**, que viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade **incluídos todos os conceptos**.

3.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns se lle recoñecerá dende o inicio da Incapacidade Temporal, un complemento retributivo do 100% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade **incluídos todos os conceptos** nas seguintes situacións: (...)”

Visto que a aplicación do citado Acordo pode provocar situacións alonxadas da realidade, desvirtuando, inclusive, o fondo do propio Acordo,

debido a que pasar a percibir as retribucións incluíndo todos os conceptos do mes anterior, pode provocar que, cando nese mes existan retribucións extraordinarias (horas extraordinarias, produtividade, etc.), o traballador perciba un salario maior que si estivera traballando.

Vista a Nota de Secretaría de data 29-01-13.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal, asinada o 30-01-13.

ACORDAMOS:

Modificar o citado Acordo plenario do xeito que se transcribe a continuación, mantendo a redacción orixinaria no resto do Acordo:

“(…)

*1.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns:*

*a) Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día, inclusive, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 50% das retribucións de periodicidade mensual que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.*

*b) Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o día 20, inclusive, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 75% das retribucións de periodicidade mensual que se viñera percibido no mes anterior ao de causarse a incapacidade.*

*c) A partires do día 21 se aboará un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións de periodicidade mensual que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.*

*2.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais (accidente laboral ou enfermidade profesional) e perante todo o período de duración da mesma, a percepción do 100% das retribucións de periodicidade mensual que viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.*

*3.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns se lle recoñecerá dende o inicio da Incapacidade Temporal, un complemento retributivo do 100% das retribucións de periodicidade mensual que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade nas seguintes situacións: (…)”*

**FÓRA DA ORDE DO DÍA**

## **A) DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A REVERSIÓN DE TERREOS DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE.-**

*Sr. Alcalde.- Antes de pasar á parte de control da xestión, temos un asunto que xa foi ditaminado en comisión informativa, que é a reversión e recepción da parcela procedente da Xunta de Galicia para incorporar ao patrimonio municipal do Concello da Estrada. E se lles parece, en todo caso, votamos primeiro a urxencia e a incorporación deste asunto, e posteriormente procedemos ó seu debate. Algunha cuestión en relación á urxencia? Procedemos á votación. Votos en contra: Partido Socialista; abstencións: BNG; e votos a favor: o Partido Popular.*

Así pois a urxencia do asunto, é aprobada por once votos a favor (PP), nove votos en contra (PSOE) e unha abstención (BNG).

*Sr. Alcalde.- Entrando no fondo da cuestión do asunto, pasamos entón a debater a reversión e recepción da parcela procedente da Xunta de Galicia segregada da Academia Galega de Seguridade e incorporada ó patrimonio do Concello da Estrada. Algunha intervención? Ten a palabra o Concelleiro Delegado da Comisión, D. Alberto Blanco.*

*Sr. Blanco Carracedo, do PP: Ben, en canto a este punto, tratamos a reversión dos terreos, de parte dos terreos, que pertencen neste momento á Academia de Policía, Academia Galega de Seguridade, e que reverten á propiedade do Concello da Estrada. Trátase duns terreos, aproximadamente 45.000 metros cadrados, e que por medio dunha negociación que (bueno, por todos xa coñecida e tratada na Comisión de Facenda) pasarían a mans de novo do Concello, facultándose ó Alcalde para aceptar esta cesión.*

*Sr. Alcalde.- Moi ben sr. Blanco. Algunha intervención? Ten a palabra a Sra. Louzao.*

*Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Dacordo, igual que xa manifestamos na comisión, volvemos a manifestalo hoxe neste Salón de Plenos para dicir que, dende logo entendemos que o Concello ten dereito a solicitar a reversión destes terreos ó terse producido un incumprimento nas condicións establecidas no acordo de cesión que se fixo por parte do Concello á Xunta de Galicia, condicións que como sabemos non se cumpriron porque non se desenvolveron a finalidade prevista para a que estes terreos foron expropiados. E como xa tamén dixemos, coñecemos deses dereitos, i poderíamos estar de acordo na reversión deses terreos. Dende logo, non o vamos a estar por dúas cousas, unha principal i fundamental: porque tal i como está o acordo, a acta, o acordo que se vai a pactar coa Xunta de Galicia, o Concello renuncia a solicitar ou a reverter posibles indemnizacións ou posibles efectos que teña de cara a propietarios a Xunta de Galicia que sería, ó fin e ó cabo, quen debería facerse cargo dos mesmos, posto que foi quen incumpriu o acordo de cesión; sen embargo, o que se está facendo co acordo que se firma coa Xunta é renunciar expresamente a calquera reclamación posterior que se poida facer sobre a Xunta a efectos de que o Concello reciba reclamacións de propietarios por haberse incumplido aquela finalidade para a que lle foron expropiados estes terreos. Polo tanto, como dicía poderíamos estar de acordo en solicitar a reversión destes terreos para que fosen incorporados ao patrimonio municipal, pero dende logo non nestas condicións, dende logo non asumindo i deixando claramente que o Concello poida sufrir posibles reclamacións de antigos propietarios i repercutir no propio Concello esas indemnizacións ou esas consecuencias, en lugar de na Xunta de Galicia, como dende logo debería ser. Ademais, tamén o dicimos aquí, igual que o dixemos na comisión, desde logo consideramos que nestes momentos, nesta situación económica na que estamos, solicitar a reversión, exercer un dereito para incrementar o patrimonio municipal, sen embargo a súa finalidade está publicado i vai a ser a construción dun campo de fútbol, un gasto de un millón trescentos mil euros nun campo de fútbol que nestes momentos, nesta situación económica, parece de todo menos razoable. Porque dende logo os nosos veciños e*

veciñas non é o que esperan dun goberno que debe atender, prestar servizos i atender as súas necesidades i darlles respostas. Esperan que fomentemos dinamicemos a economía local, non dende logo que invertamos en algo que non vai a traer beneficio económico para o Concello, que non vai a traer dinamización económica para a economía local, que non se vai a ver reflectido no desemprego local (que está subindo i está en cifras mais altas que nunca), que non se vai a ver repercutido en que os comercios non cerren, en que as nosas empresas cheguen a fin de mes máis folgadamente. E polo tanto consideremos que a reversión é un dereito que ten o Concello, pode ser algo importante que podería conseguir de cara a outra finalidade, pero desde logo para construír un campo de fútbol o vemos non razoable nestes momentos, i totalmente ilóxico. E, como dicíamos, poderíamos estar de acordo nesta reversión, pero dende logo modificando o acordo i prevendo que o Concello non teña que asumir consecuencias que dende logo non lle corresponden i si á Xunta de Galicia.

**Sr. Alcalde.-** Ben, moitas grazas, Sra. Louzao. E ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG: -** Moi ben, nós imos a votar a favor desta reversión, porque, como ben di a portavoz do Grupo Socialista, é un dereito que ten o Concello da Estrada, e como tal exerce. Se ben non estamos de acordo co uso ó que se vai a dedicar estes terreos (creemos que nestes momentos non é o momento de plantexar, realizar un campo de fútbol) pero repito: exercer o dereito que o Concello ten a recuperar uns terreos que pode pasar ó seu patrimonio para adicar ó que estime oportuno, hai que exercelo. Tamén puntualizar, como ben comentaba a portavoz do Grupo Socialista, no informe de Secretaría no seu punto 5º, outorgando segundo do convenio, creemos que é importante deixar claro que, caso de algunha reclamación por parte dos antigos propietarios destes terreos, quede claro que o Concello si lle reclamaría á Xunta o deber que ten de facerse cargo destas indemnizacións, porque foi ela quen saíu beneficiada da expropiación, e non que pase a ser un concepto do que tería que facerse cargo o Concello.

**Sr. Alcalde.-**Moi ben, Sr. Magariños. Ten a palabra o Sr. Blanco.

**Sr. Blanco Carracedo, do P.P.-** Ben, en todo caso o que temos que puntualizar e que estamos ante unha reversión consensuada, é dicir, o posible dereito que tivera o Concello da Estrada, habería primeiro que estudalo debidamente. Eu persoalmente teño as miñas dúbidas; seguramente a Xunta, nun conflito ante a xurisdición, podería defender outra posición. Non estou eu convencido de que non houbera sido destinado ó seu fin, sería seguramente tema de moita discusión. En canto á renuncia, estamos falando de dous tipos de conceptos indemnizatorios: un o que sería (e que é o que se está tratando neste acordo coa Xunta de Galicia), sería respecto ós danos que houberan sufrido os terreos que están revertendo; en todo caso eu considero que están mellorados, e bueno, penso que é o dereito ó que esta renunciando o Concello da Estrada respecto á Xunta de Galicia, polos danos que houbera sufrido o deterioro que houberan sufrido eses terreos. Cousa diferente son os posibles dereitos que tivera cada un dos antigos propietarios, e que serían tratados dacordo ó que establece a Lei de Expropiación Forzosa, que xa sería fariña doutro costal. Nada vou dicir sobre o campo de fútbol, que penso que estou convencido de que é unha boa operación por 225.000 euros, que é o que lle costa realmente ó Concello da Estrada, porque o resto é de libre disposición da Deputación. E a diferenza de catrocentos e pico mil euros que estaban destinados á reparación da Bayuca penso que pasamos a ter unha instalación deportiva moi superior á que temos, de menor mantemento e de maior capacidade de disfrute polos estradenses, e por iso estou convencido de que todo, toda esta serie de negociacións que se levaron a cabo, son absolutamente favorecedoras para os intereses do Concello da Estrada, recuperando 45.000 metros cadrados na zona dos polideportivos, estes que estamos neste momento, procederemos (se aproba o Pleno) á súa aceptación; máis o que se liberará de suelo dotacional no campo da Baiuca, unha vez que se poida sacar de alí o campo de fútbol.

**Sr. Alcalde.-**Moitas grazas, Sr. Blanco. Ten a palabra a Sra. Louzao.

**Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE:**-Ben. Nós, á vista do que estamos escoitando, volvemos a manifestar a nosa posición, é dicir: poderíamos estar dacordo na reversión dos terrenos como dereito deste Concello, como beneficio para o seu patrimonio, pero dende logo solicitamos a este Pleno que se modifique esa redacción, posto que, se é como di o Sr. Concelleiro, pois da lugar a dúbidas: se di literalmente que “por ningún concepto derivado ou en relación coa reversión” do dito terreno é o que se está renunciando. Pedimos que se modifique iso de cara a poder apoialo. En caso contrario, evidentemente ante a dúbida i ante o posible prexuízo que tería para o Concello da Estrada, insisto, falando soamente do que é a reversión dos citados terrenos (independentemente de que se puidera esixir a reversión de máis terreno ou menos) pero bueno, falando do que é a reversión en cuestión, se se modifica iso, dende logo o noso grupo non tería problema en apoialo. Insistindo en que dende logo non é o uso adecuado que se pretende dar nestes momentos, que podería ser un beneficio para o patrimonio do Concello da Estrada, i dende logo o que si vai a ser é unha hipoteca, porque ó final vamos a ter aí, i estamos asumindo, uns gastos que tamén se pactaron coa Consellería, estamos asumindo que, nestes momentos de crisis, vamos a meter un millón e trescentos mil euros nesta finalidade de construír unha nova instalación deportiva, cando agora mesmo xa existen instalacións deportivas no noso Concello. Polo tanto aí está enriba da mesa a nosa vontade de que se isto se modifica i se aclara, pois o noso apoio; senón, evidentemente, non podemos apoiar algo que pode ter problemas nun futuro para o Concello da Estrada.

**Sr. Alcalde:**-Moi ben, moitas gracias, Sra. Louzao. Algunha intervención máis?, pois procedemos, por tanto, a votar este punto fóra da orde do día. Votos en contra: Partido Socialista. Votos a favor: BNG e Partido Popular. Apróbase, por tanto, por maioría absoluta.

Finalmente, adóptase o seguinte Acordo por doce votos a favor (PP e BNG) e nove en contra (PSOE):

-Visto o Acordo plenario de 11 de decembro de 2006 polo que se aprobou a cesión duns terreos á Xunta de Galicia para ser destinados á “*construción da Academia Galega de Seguridade, actualmente Centro Superior de Estudos Xudiciais de Galicia*”.

-Visto que en parte dos terreos non se levou a cabo o destino de utilidade pública ou interese social que motivou a cesión á Xunta de Galicia, e polo tanto procede a súa reversión.

-Visto o Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 5 de xullo de 2012 autorizando a reversión dos terreos e conseguinte entrega ó Concello da Estrada.

-Visto o Acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de decembro de 2012 polo que se concedeu licenza de parcelación urbanística (segregación).

-Vista a Resolución de 16 de xaneiro de 2013 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, pola que acorda a segregación dos terreos.

-Visto o borrador de acta de entrega dos terreos (entrada o 29 de xaneiro de 2013).

-Visto o Informe do Arquitecto técnico municipal de 30 de xaneiro de 2013.

-Visto o Informe de Secretaría de 30 de xaneiro de 2013.

-Vista a fiscalización da Intervención municipal de 1 de febreiro de 2013.

-Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de 5 de febreiro de 2013.



ACORDAMOS:

1º.-Aprobar a reversión, dende a Xunta de Galicia, dos terreos que se describen a continuación baixo a denominación de "*parcela segregada*":

A parcela matriz sitúase no lugar de Gendos, parroquia de Matalobos – Concello da Estrada. (Referencia Catastral 36017A095002870000KI). Correspóndese coa catastral 287 do polígono 95 de Gendos – A Estrada (Referencia Catastral 36017A095002870000KI). Consta en escritura pública unha superficie de 182.108,40 m2. (Inscrita no Rexistro da Propiedade da Estrada ao tomo 752, libro 622, folio 207, predio 81.105).

LINDA:

NORTE: PARCELAS Nº 13, 14, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 190, 191, 192, 193, 194, 195, 196, 197, 199, 200, 201, 202, 81 E 283 DO POLÍGONO 95 E VIAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL.

SUR: PARCELAS Nº 8, 133, 139, 140, 141, 163, 170, 173, 174, 176, 177, 178, 179, 182 E 188 DO POLÍGONO 95 E VIAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL.

ESTE: VIAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL

OESTE: PARCELAS Nº 182, 179, 178, 177, 176, 174, 173, 163, 141, 133, 8, 11, 12, 13, 14, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 191, 192, 193, 194, 195, 196, 197, 198, 199, 200, 201, 202 E 81 DO POLÍGONO 95, PARCELA 1165 DO POLIGONO 513 E VIAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

Vista a proposta de segregación – descrición das parcelas resultantes, fundamentada no proxecto de referencia:

*Parcela Segregada:*

*Segregase da parcela matriz, polo sureste, unha superficie non edificada de 45.375,00 m2.*

LINDA:

*NORTE: RESTO DA PARCELA MATRIZ E VIAIS MUNICIPAIS.*

*SUR: PARCELAS Nº 173, 174, 176, 177, 178, 179, 182 E 188 DO POLÍGONO 95 E VIAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL.*

*ESTE: VIAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL*

*OESTE: PARCELAS Nº 182, 179, 178, 177, 176, 174, 173 DO POLÍGONO 95 E RESTO DA PARCELA MATRIZ.*

*Parcela Matriz:*

Tras a segregación da parcela descrita anteriormente, obteríase unha superficie resultante de parcela matriz de 136.733,40 m2.

LINDA:

NORTE: PARCELAS Nº 13, 14, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 190, 191, 192, 193, 194, 195, 196, 197, 199, 200, 201, 202, 81 E 283 DO POLÍGONO 95 E VIAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL.

SUR: PARCELAS Nº 8, 133, 139, 140, 141, 163, 170 E 173 DO POLÍGONO 95, PARCELA SEGREGADA E VIAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL.

ESTE: VIAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL E PARCELA SEGREGADA.

OESTE: PARCELAS Nº 163, 141, 133, 8, 11, 12, 13, 14, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 191, 192, 193, 194, 195, 196, 197, 198, 199, 200, 201, 202 E 81 DO POLÍGONO 95, PARCELA 1165 DO POLIGONO 513 E VIAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

2º.-Aprobar a recepción dos terreos segundo borrador de acta de entrega remitida pola Xunta de Galicia

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura da correspondente acta de entrega.

***Sr. Alcalde.-**Entramos na parte de control da xestión, punto nº 5 dación de conta das, bueno perdón, non sei se hai algunha outra moción de urxencia a presentar polos grupos políticos. Se non hai ningunha, pasamos á parte de control, punto nº 5 “Dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2012, ámbolos dous incluídos” i punto nº 6º “Rogos e preguntas”.*

## **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNES DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE DECEMBRO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.** Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2012.

### **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

***Sr. Alcalde.-** Ten a palabra a Sra. Louzao.*

***Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE:** Traemos hoxe aquí unhas preguntas que nos trasladan dalgunhas parroquias do noso Concello. Estamos a falar neste caso da parroquia de Codeseda, i nos gustaría preguntar a este goberno, porque así nolo demandan os veciños e as veciñas e saber. Temos coñecemento pola prensa de que se van a licitar as obras das aceras de Codeseda con unha financiación do que é o Plan de Investimentos da Deputación do 2012, xa non con cargo ós orzamentos da Deputación, senón con cargo a un Plan de Investimentos que o Concello ten para baixo a súa decisión; polo tanto está o Concello asumindo a continuidade desas obras pero nos gustaría saber, sendo conscientes diso, i así nos lo trasladan os veciños cal é o proxecto que se vai a levar adiante, se o proxecto inicial, se o proxecto reformado, se se fixo unha modificación posterior, ou como van a quedar realmente estas aceras?*

**Sr. Alcalde.-** Pois, por parte de, como sabe vostede, no Plan de Infraestruturas de Deputación, asume a redacción do proxecto o Concello da Estrada, ou como ven sendo habitual, a través dos técnicos municipais, se fixo un proxecto axustado á realidade que temos alí e, dende logo, tendo en conta as últimas novidades en canto á titularidade, á suposta titularidade daqueles terreos. E agora mesmo pois eu non lle sabería concretar tecnicamente a solución adoptada, pero en todo caso entendo que no propio departamento de Urbanismo ten á súa disposición o proxecto e os planos necesarios para poder revisalo, como non pode ser doutra maneira. Por tanto, se ten interese en saber como é o proxecto ese ou calquera outra documentación, sabe perfectamente vostede que a ten á súa disposición para poder revisala.

**Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE:-** .- Moi ben, gracias pola súa resposta, Sr. Alcalde. Trasladamos tamén outra pregunta que é neste caso con respecto ás parcelarias de Arca i Codeseda; e os veciños tamén desta zona nos trasladan que bueno, chegado a esta altura do ano, chegado este mes, hai que comezar a preparar as fincas para os traballos de campo, i están preocupados posto que as pistas da parcelaria din eles que as xestas chegan xa dun lado a outro, se tocan entre elas, e os accesos non están preparados; os acondicionamentos das parcelas non foron realizados e as máquinas levan moito tempo sen traballar (as máquinas que estaban a facer as infraestruturas desta parcelaria). Os accesos, como dicíamos, as fincas, non están preparados, non se colocaron os marcos i non se retiraron os sobrantes de obra; as entradas están sen facer. Por iso nos trasladan que preguntemos como se atopan os procesos i en que momento se atopan os procesos de Arca i de Codeseda.

**Sr. Alcalde.-** Ben. Como ben comenta vostede, esas dúas concentracións agora mesmo están nunha fase bastante avanzada, digamos que practicamente xa co acordo pechado i coas reclamacións resoltas na práctica totalidade en Codeseda (estamos pendentes de resolver algunha algún contencioso que se presentou, á resolución deses ó acordo definitivo) i en Arca creo recordar que si firmaron o acordo fai unhas semanas. Agora falta o acondicionamento e a rede secundaria do camiño que da a acceso a moitas das parcelas, i é unha cuestión orzamentaria. Non lle sabería dicir canto nos queda pendente; seguramente menos en Codeseda, pero en Arca a estimación aproximadamente son en torno a 750.000 euros que nos quedarían como última aportación para facer todo o que son as infraestruturas que quedan pendentes, que incluíría a rede secundaria de camiños i acondicionamento das parcelas. En Codeseda entendo que é menos cantidade, pero si é certo que esperamos que nos orzamentos deste ano a través da Consellería de Medio Rural sexamos capaces de darlle un empuxón definitivo a esas dúas concentracións parcelarias. E son momentos complexos, pero bueno, na última reunión que mantivemos aquí con Infraestruturas temos a esperanza de que ese tema se avance, se axilice e poidamos rematar o que son esa rede de infraestruturas que queda pendente, sobre todo os acondicionamentos e os últimos aspectos do acondicionamento das fincas. E, por exemplo, a rede de camiños de Arca non están recepcionados todavía polo Concello; nos enviou unha documentación a Consellería, se lle reclamou unha documentación adicional i estamos os técnicos municipais revisando todo o que é a rede de camiños, i no momento en que a rede principal de camiños, no momento que entendan os técnicos que se reúnen as condicións necesarias para aceptar esas fincas, pois as aceptaremos, e seremos responsables do seu mantemento; de momento o Concello non ten esa responsabilidade. E bueno, está nunha situación que esperemos resolver nos próximos meses.

**Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE:-** Crin entender que dicía vostede que agardaba que nos orzamentos deste ano da Consellería se puidera solucionar i rematar estas obras e infraestruturas que están todavía incompletas. Ten o Concello coñecemento de que se vai facer algunha modificación nos orzamentos da Xunta, posto que inicialmente non estaban contemplados?

**Sr. Alcalde.-** *Sabe perfectamente vostede, que é unha boa coñecedora da dinámica orzamentaria, que as parcelarias non están orzamentadas nos presupostos da Consellería nominativamente, ningunha, ningunha; e sabe que hai unhas partidas xenéricas para facer os acondicionamentos e ir avanzando no que son as concentracións parcelarias ben a través da AGADER, ou ben a través da Consellería de Medio Rural. I sabe perfectamente vostede que son partidas xenéricas i que se van executando en función do trámite administrativo que leva a concentración parcelaria. De feito, o ano pasado en Arca invertéronse en torno a 700.000 euros na rede de camiños, i sabe vostede que non estaban consignados nos orzamentos nin aparecían nominativamente, como ningunha outra parcelaria. O que hai é unha serie de fondos que a propia Consellería en función, como dicía antes, de como vaian avanzando os trámites, vai asignando i vai licitando en función tamén das posibilidades que haia tamén, porque temos que cumprir (aparte dos tramites de obra leva uns tramites bastante complexos a nivel administrativo). I esperamos que este ano pois si poidamos estar en condicións de poder facelo. Nada mais. Ten algunha pregunta, Sr. Magariño?. Ten usted a palabra.*

**Sr. Magariños Maceiras, do B.N.G.-***Si unha pregunta: quen foi a persoa responsable de que o pasado sábado 26 de xaneiro se lle pasase o pisón ó campo da Baiuca provocando tal deterioro que o campo impediu que se xogase ese día o partido que tiña pensado xogar o Estradense (se non me equivoco) co Pontevedra.*

**Sr. Alcalde.-** *Alégrome, Sr. Magariños, que lle preocupe o campo de fútbol agora. É unha boa noticia que se preocupe usted polas instalacións deportivas; pensei que o que sobaban eran campos de fútbol e xa vexo que lle preocupa a vostede i me alegra. Ademais, sabe que sempre se fixo a través da Deputación o mantemento. Normalmente se facía durante o verán; este ano houbo un problema coa máquina que ven facendo ese mantemento habitualmente, e este verán non puido facer en ningún campo esa actuación, e iso provocou que o campo da Baiuca estivera nunhas condicións bastante malas. Non é solo o campo da Baiuca, porque vemos que calquera campo de herba natural está sufrindo pois a dureza deste inverno, i están todos nunha situación bastante complexa .O acontecido no partido do outro día, pois sen intentar buscar culpables (eu creo que non soluciona absolutamente nada): creo que a Deputación fixo unha visita para facer eses traballos previos; de feito xa estiveron alí nunhas ocasións os técnicos de la Deputación, se dixo que se fixese un traballo previo de acondicionamento, que se lle puxese un pouco de area e que se pisase por zonas onde había máis barro i é certo pois que o mantemento que se fixo non foi o adecuado i por desgracia o Club Deportivo Estradense non puido xogar o seu partido. E esperamos que esta situación non se volva a repetir. O que si que temos claro é que o campo vai a estar parado durante un tempo, i se facemos os traballos e a climatoloxía nolo permite i facemos os traballos de mantemento como está previsto facelo nestes días, pois o vamos a ter que ter, aproximadamente, un mes ou mes e medio parado, pois para poder intentar recuperalo para final de temporada. E bueno, esas son as previsións que hai, e sen entrar, xa digo, a buscar responsabilidades; eu creo que é un erro, un erro material, un erro humano que non se pode volver a producir i que nos ten que servir para aprender, non?*

**Sr. Magariños Maceiras do BNG.-** *Un erro, unha falta absoluta de sentido común, por non dicir outra cuestión.*

*Fanme chegar tamén un rogo que, vaia por diante que quen mo fixo chegar tamén me dixo “eu xa sei que é difícil de atallar”, pero bueno, que ten que ver co uso que certas persoas ou usuarias de vehículos agrarios de certo peso fanlle ás pistas, que non teñen o mais mínimo coidado. Vaia por diante tamén que son os menos, pero que provoca o deterioro de dita infraestrutura. E concretamente me falaban dunha pista, dunhas pistas que hai en Sto. André de Veá; que o mal uso destas pistas leva a que as cunetas estean completamente colmatadas, as pistas cheas de buratos debido a auga que borda cara esta infraestrutura. E o rogo que se fai chegar é que, na medida do posible, que o Concello intente darlle “un toque de atención” (palabras literais do que mo fixo chegar) a estas persoas para que teñan un pouquiño mais de coidado co que fan.*

**Sr. Alcalde.-** Pois atendemos o seu rogo. Se nos da algún dato mais das pistas que son despois, ou da zona en que é, pois intentaremos facer chegar o seu rogo, a súa advertencia a eses veciños.

**Sr. Magariños Maceiras do BNG.-** A zona é na zona de Santo André de Veá, non me especificaron as pistas; faláronme de que había varias por alí que estaban en malas condicións.

E despois, tamén na zona de Santo de André de Veá no lugar de Parama, no acceso da pista que vai a Parama na dirección Portela Souto de Veá hai un tramo desta infraestrutura que ten a cuneta completamente tapada e fai que a auga vaia pola estrada o que pode producir problemas na circulación dos vehículos por “acuaplaning” e entón, que se limpe esa cuneta para evitar este tipo de problemas.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois recollido o seu rogo non sei se ten algunha cuestión máis.

**Sr. Magariños Maceiras do BNG-** Fágollos todos dunha vez.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben.

**Sr. Magariños Maceiras do BNG.-** Que persoal, bueno esto xa temos falado coa concelleira de Educación e xa me fixo chegar tamén que, bueno, que estaba difícil a cousa, pero que se intente facer un esforzo para que persoal da Policía municipal ou Protección civil controlen a entrada dos escolares no colexio Villar Paramá, porque todos sabemos as condicións precarias de seguridade vial con que conta este colexio.

Que se realice un bacheo na pista que vai de Carbia a Piñeiro, na parroquia de Cora, que parece que tamén presenta unha situación lamentable; e tamén na Travesía onde está situado Correos, que non sei se é a primeira ou a segunda ou cal é das Travesías de América, hai unha explanada que utilizan moitos cidadáns para aparcar os seus coches e descoñezo se este terreo é municipal ou é privado. No caso de que sexa privado, intentar chegar, conseguir a autorización do propietario para que permita adecentar esta explanada porque, bueno, está nunhas condicións... E no caso de que sexa municipal, que se proceda á súa reparación inmediatamente.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas grazas, Sr. Magariños, non sei se hai algunha outra cuestión.

**Sr. Otero Espiño do PsdG-PSOE:-** Relativo a un rogo que lle formulara no Pleno de decembro sobre unha parada na parroquia de Loimil, lugar de Carballas, na parada denominada así “a parada de Carballas”. E non se fixo absolutamente nada hasta este momento, e quero saber por que.

**Sr. Alcalde.-** A parada do autobús escolar?

**Sr. Otero Espiño do PsdG-PSOE:-** Como se acorda vostede. Tamén lle dicía que hai un restaurante alí a carón desa parada que é o Restaurante As Camelias que, evidentemente, alegrámonos moito de que traballe, porque é un dos poucos que nos tempos que corren aínda está a pleno rendemento, pero evidentemente cando aparcan camións primeiro impiden que o coche que colle ós rapaces e o transporte escolar poida saírse da carreteira; i segundo, que tamén estes propios camións poidan representar un perigo. Polo menos poñer o que pedía: unha limitación de aparcamento nesa zona nun determinado horario, no horario de recollida dos rapaces que, ademais, lamentablemente, coincide co horario da comida. Claro, tanto a baixada como a recollida de mediodía representa un serio perigo para os rapaces que collen alí o autobús.

**Sr. Alcalde.-** Ben, recollemos o rogo, e eu creo que xa o tiña recollido a concelleira, pero o iremos a ver alí in situ e a ver se de algo vale a sinalización porque será a única forma que poidamos...

**Sr. Otero Espiño do PsdG-PSOE:-** Sinalización e adecentamento da zona.

**Sr. Alcalde.-**...que poidamos poñer.

**Sr. Otero Espiño do PsdG-PSOE:-**Non é impedirilles que aparquen, pero polo menos que deixen un margen, o maior espacio posible.

**Sr. Alcalde.-**Recollemos o tema e irémolo a ver no sitio.

**Sr. Otero Espiño do PsdG-PSOE:-** Que sexa antes de que acabe a escolaridade.

**Sr. Alcalde.-**A ver se damos resolto o mais rápido posible o tema. Moitas gracias, Sr. Espiño.

*Algún outro rogo ou pregunta?*

*Bueno, pois antes de pechar a sesión, e dentro do regulamento de participación cidadá, calquera persoa pode facer algún rogo ou pregunta; e se alguén quere facer algunha pregunta, está no seu dereito, e se non hai nadie que queira intervir, pois agradecéndonlles a súa presenza, deséxolles boas noites e levantamos a sesión.*

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e cinco minutos.

A Estrada, 7 de febreiro de 2013

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González